

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



**MEMORIA XUSTIFICATIVA: CONTRATO DE SERVIZOS PARA O MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXP. (5640-611)**

**Expte núm. 5640-611**

**1. - OBXECTO (artigo 99 LCSP)**

Contratación da prestación do servizo de mantemento e implementación do software informático de xestión do servizo de deportes como ferramenta básica para a xestión electrónica das actividades deportivas das instalacións deportivas municipais ((Deporwin-Deporsite)

Cualificación do contrato: polo seu obxecto, constitúe un contrato de servizos previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**1.1 Alcance xeral da prestación do servizo**

Incluirá tódalas actuacións que sexan necesarias para garantir o correcto funcionamento e mantemento do obxecto do contrato para manter a aplicación á vangarda ( Deporwin, coas súas ferramentas, aplicativos e Deporsite), desde o punto de vista funcional e tecnolóxico. As implementacións, desenvolvemento de procesos que impliquen desenvolvemento para aumentar as prestacións de cuestións específicas quedan supeditadas ao importe máximo por anualidade recollido na memoria económica.

**a) SOFTWARE XESTIÓN ADMINISTRATIVA**

- Deporwin
- Reserwin
- TPVwin
- Vigilante
- TPVPC

**b) BUSINESS INTELLIGENTE**

- Reporwin
- Dynawin
- Indicadores excell

**c) PLATAFORMA WEB DEPORSITE**

- Reserva de recursos
- Reserva de clases
- Contratación abonos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 1 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Contratación actividades
  - Venta conceptos (Tienda)
  - Vigilante
  - Agenda entrenadores
  - Pasarela cobro virtual
- d) CONTROL DE ACCESO
- e) INTEGRACIONES CON TERCEIROS
- Ceca sermepa redsys para pagos
  - Sage contaplus
  - A3
  - GTwin
  - Trainingym
  - Technogym mywellness
  - Myvitale
  - Egym
  - IQ Trugge
  - Gymforless
  - Gympass

**O servizo de mantemento obxecto do contrato debe incluír os seguintes servizos:**

- a) Resolver os problemas que poidan producirse ao software obxecto deste contrato, debido ao seu normal funcionamento.
- b) Asistencia técnica para consultas telefónicas, polo servizo de deportes ou pola Administración electrónica do Concello de Vigo, ou asistencia técnica mediante conexión remota desde as oficinas do adxudicatario, para a resolución de incidencias e a comprobación do correcto funcionamento do software durante todo o período de vixencia do contrato. Polo tanto, non inclúe a formación presencial nin a distancia.
- c) Actualización de novas versións (descarga web).
- d) Melloras da aplicación baseadas nas suxestións proporcionadas polo propio Cliente. Estas melloras realizaranse de xeito gratuíto sempre que se trate de melloras de carácter xeral (de interese para outras instalacións) e non alteren a finalidade das solicitudes.
- e) Vinculación de periféricos (impresoras, Webcams, etc.) coas aplicacións da Suite Deporwin, unha vez que estes xa estean funcionais nas máquinas que teñan dita/s aplicación/s.
- f) No caso de que o Proveedor deba desprazarse ata a instalación do cliente (por falta de conexión remota ou por petición do cliente), o Concello será responsable dos gastos que se xeren na devandita visita (viaxes e horas de traballo do técnico).
- g) Deberán incluírse dúas sesións anuais de consultoría presencial, que serán acordadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 2 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



por ambas as partes con suficiente antelación á citada visita. O alcance e os obxectivos desta consultoría serán determinados por ambas as partes, pero a modo de exemplo dedicarase á formación, á revisión da instalación completa do software, á configuración ou parametrización dos sistemas de xestión, á visualización de novas funcionalidades, análise de mellora e de desenvolvemento da potencialidade da aplicación.

h) Manter o servidor Web da aplicación Deporsite.

## 2.- MARCO NORMATIVO

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

## 3.- DIVISIÓN EN LOTES

Non se prevén a división en lotes xa que se trata dunha contratación cun único obxecto contractual que polas súas características e tratamento conxunto debe permitir a súa correcta execución dende o punto de vista técnico e temporal.

Polo tano, non procede a división en lotes segundo o art. 93.3 b da LCSP, por motivos de eficacia e eficiencia dos medios empregados na prestación do servizo, o cal redunda en beneficio para o xestor do contrato, en beneficio para a administración por aforro de custes e no control e fiscalización do servizo contratado, así coma para os usuarios xa que existe unha homoxeneidade de criterios nos servizos prestados.

## 4.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS (artigo 116)

A prestación do servizo de mantemento e implementación do software informático de xestión do Servizo de Deportes como ferramenta básica para a xestión electrónica das actividades deportivas das instalacións deportivas municipais ((Deporwin-Deporsite) , debe ser desenvolvido por empresa de servizos especializada o non contar o servizo de Deportes do Concello de Vigo con medios propios para desempeñar ditas labores.

## 5.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 3 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O contrato, polo seu obxecto, será de servizos de conformidade co disposto no artigo 17 da LCSP que se executará de forma sucesiva e continuada.

O procedemento de adxudicación do presente contrato rexeráse polo disposto no artigo 159.6 da LCSP que regula o procedemento aberto supersimplificado.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación ordinaria do presente expediente de contratación de conformidade co establecido na LCSP. ( artigo 116)

## 6.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA (artigo 29)

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrência o mesmo. Fíxase un prazo de execución de 3 anos a contar dende a data de formalización do contrato. Tendo en conta o servizo a realizar e a súa continuidade considérase axeitado o prazo de execución para conseguir unha realización do servizo eficaz.

**Prórroga:** non

## SOLVENCIA

### a) solvencia económica artigo 87 da LCSP:

Consonte ao artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira acreditarase por calquera dos seguintes medios:

Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato.

Por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

### b) Solvencia técnica e profesional.

- En cumprimento do establecido no artigo 90 da LCSP, a solvencia técnica e profesional dos licitadores deberá acreditarase tendo en conta os coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade o que terá que acreditarase polo seguinte medio.
- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios.

Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 4 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% dunha anualidade media do prezo do contrato:

**c) Xustificación da solvencia:**

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

**d) Medios persoais:**

Non se esixe

**e) Habilitación profesional:**

Dado que o software do contrato é un produto licenciado e, polo tanto, propiedade da empresa fabricante e dado o tipo de servizos establecidos neste apartado, para garantir que a empresa adxudicataria poida realizar os traballos descritos neste apartado, a oferta dos licitadores deberá achegar coa documentación económica a documentación que acredite a capacidade para realizar o servizo. Para acreditar dita capacidade aportárase Certificación da empresa fabricante do software, obxecto do contrato que acredite a capacidade da empresa adxudicataria para realizar os servizos descritos neste documento de especificacións técnicas.

**7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

**7.1.- Criterios de valoración e xustificación:**

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 145.5 b) da LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación aos aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, período de execución de 4 anos, e as súas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 5 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

características, considérase oportuno estipular soamente unha fase de valoración cun criterio obxectivo mediante fórmula.

### Crterios e xustificación:

a) Prezo: redución do prezo de licitación. É preciso considerar o criterio económico pola eficacia e eficiencia do gasto público.

Xustifícase a elección do criterio, de conformidade co establecido no artigo 146.1 da LCSP, que establece que cando so se utilice un criterio de adxudicación, este deberá estar relacionado cos custos, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendabilidade.

Establécese o prezo como único criterio de valoración, en base ao artigo 145.3.g) da LCSP, xa que as prestacións do presente contrato están perfectamente definidas dende un punto de vista técnico no PPT.

### **B.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:**

Proceso de avaliación mediante formula, criterio e distribución puntuación **100 puntos:**

**a) REDUCCIÓN DO PREZO DA PARTE FIXA DO CONTRATO 53.325,72 € C/IVE:.** Aplicarase **70 puntos** a maior redución ofertada

**b) PORCENTAXE DE DESCONTO SOBRE O PREZO UNITARIO HORA PARA A PARTE VARIABLE, IMPLEMENTACIÓNS E DESENVOLVEMENTO ( CONSULTORÍA).** Aplicarase **30 puntos** ao maior porcentaxe de desconto.

### **Xustificación dos criterios de valoración.-**

Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información axeitada para a elección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén en proporción coa mellor oferta en relación calidade prezo para a administración.

Establécese o prezo como único criterio de valoración, en base ao artigo 145.3.g) da LCSP, ca que as prestacións do presente contrato están definidas perfectamente dende o punto de vista técnico no PPT.

a) Redución do prezo da parte fixa do contrato: oferta de redución sobre o prezo de licitación. É preciso considerar o criterio económico pola eficacia e eficiencia do gasto público

b) Porcentaxe de desconto sobre o prezo unitario hora para. É preciso considerar o porcentaxe de desconto do prezo unitario hora para as implementacións e desenvolvemento ( consultoría) pola eficacia e eficiencia do gasto público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 6 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



### Fórmulas a aplicar na valoración dos criterios de adjudicación

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

#### a.- Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b.-Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de baixa.

Vrb: valor referencia das baixas.

c.-Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 7 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## Fórmulas a aplicar na valoración dos criterios de adxudicación

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

### a.- Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b.-Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de baixa.

Vrb: valor referencia das baixas.

c.-Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

**Xustificación das fórmulas.-** Estas formulas resultan adecuadas para a valoración dos criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 8 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto bo da Intervención Municipal

## 8. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS (artigo 149)

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de 10 **puntos porcentuais** do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

## 9. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social:

Cara ao favorecemento da conciliación do traballo e a vida familiar, o horario de traballo que terá que cubrir o Contrato de Mantemento será de luns a venres (non festivos) de 9.00 a 15.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas todos os meses do ano, agás agosto, que será de 8:00 a 15:00 horas.

## 10.- PRAZO DE GARANTÍA

Non procede nesta contratación o ser un contrato de prestación de servizo.

## 11.- SUBCONTRATACIÓN

Non se establecen tarefas críticas a desenvolver polo adxudicatario que no poidan ser obxecto de subcontratación. Artigo. 215 LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 9 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**12.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO**

Non se prevén.

**13.- RESPONSABLE DO CONTRATO**

Segundo o disposto no artigo 62.1. da LCSP o responsable do contrato será o adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico.

**14.- SEGURO**

O contratista deberá aportar unha póliza de Responsabilidade Civil por importe mínimo de 350.000,00 € que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario para a prestación do servizo obxecto do contrato. Deberá aportarse documentalmente cada exercicio o recibo de pago.

O Concello de Vigo ten contratados os servizos de mediación, correduría e asesoramento profesional para a xestión de riscos en que poida incurrir esta administración coa compañía WILLIS TOWERS WATSON . 986 22 97 74.

**15.- LUGAR DE ENTREGA**

INSTALACIÓN	DIRECCIÓN
Pavillón Central Travesas Concello de Vigo	Av. de Castrelos, 1, 36210 Vigo, PO Praza do Rei s/n. 36202

**16.- PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.**

O prego de prescricións técnicas achégase a este expediente e atópase redactado tendo en conta os aspectos técnicos da execución do contrato.

**17.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO**

1 de maio do 2023

**18.- ETIQUETAS :** Non

**19.- INFORMES DE PROBAS:** Non.

**20.- CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL OU INDUSTRIAL**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 10 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de DEPORTES

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



**20.1 Cesión de datos de carácter persoal:** A execución do presente contrato implica a cesión de datos de carácter persoal ao adxudicatario xa que del dependen os ficheiros e arquivos de datos persoais dos usuarios para a realización de tarefas de mantemento.

**20.2 Cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.** A execución do contrato non implica cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

## 21.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Non procede fixar condicións especiais de compatibilidade por canto na redacción da documentación contractual non participou ningún terceiro alleo a administración

## 22.- OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

O adxudicatario, ademais do delegado do contrato deberán dispor dun responsable técnico de coordinación de todas as labores obxecto do contrato.

O adxudicatario deberá dispor dos medios humanos coa cualificación necesaria para o desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato, así coma cos equipos técnicos e materiais necesarios.

## 23.- CONFLITO DE INTERESES

O técnico que subscribe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o concelleiro-delegado de Deportes, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

## 24.- REXIME DE PAGAMENTO

Pagaranse as facturas en función dos servizos efectivamente realizados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 11 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

As facturas de mantemento técnico emitiranse cunha periodicidade trimestral, podendo modificarse este período en función da entrada en vigor do contrato.

As facturas de implementación, parte variable, emitiranse unha vez desenvolvida a prestación.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FAcE - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES  
OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN  
ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

En consecuencia cos antecedentes descritos, propónse ao Concelleiro Delegado da Área de Deportes remitir a presente memoria xustificativa para a contratación **POLO PROCEDIMENTO ABERTO SUPERSIMPLIFICADO DO “CONTRATO DE SERVIZOS PARA O MANTENIMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXP. (5640-611).”** ao departamento de Contratación para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, a data da sinatura dixital

JALF/rcr

- O adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico.- José Angel Lago Filgueira.
- O xefe do Servizo de Deportes-director deportivo.- Rubén Peña Barceló.
- O concelleiro-delegado de Deportes.- José Manuel Fernández Pérez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2023 09:25	Páxina 12 de 12
5640-611	CSV: A9A525-53B8EA-84898H-56V6VS-BBY6XR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		